

Home/Pintor

Crónica de Laxeiro

MARGA ROMERO

Podemos atopar na colección "Crónica" de Ir Indo Edicións un novo libro de Xosé Neira Vilas, quen nos ten ofrecido coas súas investigacións o mellor sobre as crónicas galegas da América e da memoria da Emigración. En *Encontros con Laxeiro*, "que vén rolando aos poucos, dende máis de quince anos", o autor consegue achegar o home, o seu "veciño das terras do Deza": un percorrido que comeza cun esquema biográfico e que segue unha valoración múltiple e mais unha escolma con breves opinións arredor do home-personaxe feitas por outros pintores -como Seoane ou Reimundo Patiño-, escritores -Camilo J. Cela ou Ramiro Fonte-, críticos de arte ou xornalistas. A continuación xorde unha entrevista, que reproduce unha "conversa a distancia" entre o autor e o seu veciño, quen obriga ao pintor-narrador a evocar a súa infancia en Cobos, a súa estancia na Habana e os múltiples tra-

ballos que o conduciron ao Plantal Concepción Arenal para aprender a debuxar; igualmente, o regreso e as aventuras, na liña da picaresca, barbeiro-pintor polas

feiras adiante até que fixo parada nunha barbería de Lalín onde pintou os retratos de "todos os vagos que había": carta de presentación na Academia de San Fernando en Madrid.

Entrevista intelixente que deixa falar ao personaxe perante a súa propia vida, os parladoiros en Madrid, a estancia en Bos Aires, a relación coa súa "única muller oficial", Luísa, nai da súa filla, a compenetración con Lala. O home que, se non fora pintor, sería algo así "como o Narranxo, ese tolo filósofo de Lalín, libre e forte até morrer". Nun seguinte apartado consegue Neira Vilas (de)mostrar

a enorme capacidade de Laxeiro como narrador de historias e mesmo

autor teatral, do fabulador que adoitaba falar en checo. Seguen tres testemuños de persoas que o trataron como se fosen da familia. Chegamos ao cerne do libro, os "Encontros" que Anisia Miranda e Neria Vilas tiveron ao longo da súa vida con Laxeiro. Desde estas evocacións, o autor logra transmitir anacos da súas propias biografías, mais dános entrada aos mundos do exilio e da emigración, nesa convivencia na que Galiza era o fondo dun cadro. Máis que unha travesía desde a República perdida até o trunfo da Revolución cubana e os regresos, no festexar de aniversarios que lles van dando anos ou neses encontros motivados pola fortuna ou por estaren próximos na ética e na estética. Seguen unha serie de testemuños, unha homenaxe pictórica de diferentes artistas, unha homenaxe musical, con composicións de Xesús Méndez Torrado e de Carlos López García, e sete cartas de Laxeiro ao autor. Un libro de Neira Vilas e Anisia Miranda con Laxeiro: do Laxeiro home, para o Laxeiro pintor. Imprescindíbel.

NEIRA VILAS, Xosé, *Encontros con Laxeiro*, Ed. Ir Indo, Vigo, 2009, PVP 16 €

